

30 de xullo: apoio ás sancionadas de Extel

Nos últimos meses a empresa Extel, no seu centro de traballo da Coruña, impuxo inxustas e desproporcionadas sancións a vari@s compañeir@s, Á por feitos que en ningún caso son merecedores de castigo.

O próximo día 30 de xullo terá lugar o acto de conciliación previa á demanda ante o xulgado, de oito compañeir@s que foron suspendidas de emprego e soldo entre 2 e 47 días.

Por este motivo, a **CGT** decidiu convocar un paro ese mesmo día, de **12 da mañá ás 6 da tarde** para que tod@s @s compañeir@s das dúas quendas poidan acudir á **concentración** que terá lugar diante do organismo oficial de mediación (sito na rúa **Salvador de Madariaga: Centro Comercial Elviña**) de **12:15 a 13:00** horas.

Acude á concentración, mañán podes ser ti

Solidaridade e apoio mutuo

Sección Sindical da CGT en Extel